

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE INFRAESTRUTURAS, EQUIPAMENTOS PÚBLICOS E MOBILIDADE DO 20 DE OUTUBRO DE 2023

PRESIDENTA: D^a. MARIA ISABEL COUSELO TORRES

PRESID. SUPLENTE: D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME

VOGAIS:

D^a. MARTA FERNÁNDEZ-TAPIAS NÚÑEZ
 D. JORGE CUBELA LÓPEZ
 D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
 D^a. MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ
 D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO
 D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUIÑA
 D^a. MARÍA NAVA CASTRO DOMÍNGUEZ
 D. CARLOS LÓPEZ FONT
 D. CARLOS GÓMEZ PRADO
 D^a. DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ
 D. GREGORIO LUIS AGÍS GÓMEZ
 D. GORKA GÓMEZ DÍAZ
 D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN
 D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO
 D^a. MARÍA MANUELA RODRÍGUEZ PUMAR

Sendo as doce horas e trinta minutos do día 20 de outubro de 2023, réunese a Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade.

Preside a sesión María Isabel Couselo Torres e asisten as deputadas/os que se relacionan á marxe.

Actúa como secretario, por delegación do secretario xeral, Andrés Carlos Fernández Lucas, técnico de xestión do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Aberta a sesión pola Presidencia, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-Aprobación da acta da sesión anterior (22 de setembro de 2023).

A Comisión acorda por unanimidade aprobar a acta da sesión extraordinaria de 22 de setembro de 2023.

2.-Aprobación do cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello de Ponte Caldelas de diversos treitos das estradas provinciais EP 0407 Borela – Ponte Caldelas, EP 0207 A Ínsua – Chaín e EP 0206 Ponte Caldelas – Parada -Xustáns. (Expediente 2021041624).

A Comisión ditamina favorablemente, cos votos a favor do grupo provincial do Partido Popular (PP) e do grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) e coa abstención do grupo provincial do Partido Socialista Obreiro Español (PSOE), a aprobación da proposta de cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello de Ponte Caldelas de diversos treitos das estradas provinciais EP 0407 Borela – Ponte Caldelas, EP 0207 A Ínsua – Chaín e EP 0206 Ponte Caldelas – Parada -Xustáns.



3.-Aprobación do cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello de Nigrán da estrada provincial EP 2105 Panxón – Monteferro (Expediente 2022008814).

A Comisión ditamina favorablemente, cos votos a favor do grupo provincial do Partido Popular (PP) e do grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) e coa abstención do grupo provincial do Partido Socialista Obrero Español (PSOE), a aprobación do cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello de Nigrán da estrada provincial EP 2105 Panxón – Monteferro.

4.- Rogos e preguntas.

Non se formulan.

E non habendo máis asuntos que tratar a presidenta levanta a sesión sendo as doce horas e trinta e dous minutos do que eu, secretario, dou fe.

Documento datado e asinado dixitalmente.

